



CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

Mulleres esenciais: situación sociolaboral das mulleres en Galicia 2020

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Mulleres esenciais: situación sociolaboral das mulleres en Galicia 2020

Marzo de 2021

Elaboración: Secretaría da Muller e Igualdade



ÍNDICE

Presentación	5
Poboación activa	6
Poboación ocupada	8
Por idades	8
Por sectores.....	9
Por ocupacións.....	10
Afiliación nos servizos e coidados	11
Segundo a xornada	12
Segundo o tipo de contrato	13
Segundo o tipo de contrato e a xornada.....	15
Fenda salarial	15
Poboación parada.....	16
ERTES.....	17
Conclusións	19

PRESENTACIÓN

En Galicia, territorio afectado pola dispersión territorial e un crecemento demográfico negativo, o desemprego aumentou máis entre os homes que entre as mulleres no último trimestre de 2020, pero iso non evita que elas soporten o 57,5 % do desemprego galego.

Partindo de que as mulleres participamos menos no mercado laboral, ocupamos máis postos de traballo temporais e, sobre todo, estamos máis presentes na xornada parcial e percibimos salarios e prestacións inferiores, a conclusión é que persiste a segregación horizontal e vertical e continuamos sendo as principais implicadas no coidado das familias e os fogares. Esta situación agrávase pola situación de pandemia.

A loita pola igualdade entre homes e mulleres non só pretende protexer as mulleres, senón, fundamentalmente, cambiar a sociedade. Unha sociedade asentada na desigualdade e en estruturas económicas e sociais inxustas que precarizan mormente o emprego feminino, anchean a fenda salarial e privatizan as tarefas reprodutivas e de coidados.

É imprescindible fomentar o espírito de cambio nas políticas, poñendo no seu núcleo as necesidades humanas, indisociables da loita pola xustiza e a igualdade. Este documento visibiliza a precaria situación das mulleres na sociedade galega e, xa que logo, a necesidade de buscar unha solución global ás situacións de vulnerabilidade.

A pandemia supón o grave risco de retroceder décadas nos avances na igualdade de xénero. Aínda queda un longo camiño para que homes e mulleres poidan traballar en igualdade de condicións, e o impacto da COVID-19 na economía albíscase como un escollo máis para avanzar nese obxectivo.

Mamen SABIO SANZ
Secretaría de Muller e Igualdade
Sindicato Nacional CCOO de Galicia

POBOACIÓN ACTIVA

Segundo os datos da enquisa de poboación activa (EPA), en Galicia hai máis mulleres ca homes en idade legal de traballar: 1 220 800 mulleres de 16 ou máis anos (52% da poboación desa idade) fronte a 1 118 800 homes no cuarto trimestre do 2020.

Táboa 1. POBOACIÓN ACTIVA POR SEXOS

IV TRIMESTRE	MULLERES	HOMES	TOTAL
2012	616.900	693.900	1.310.700
2013	608.000	675.600	1.283.500
2014	600.600	663.700	1.264.300
2015	599.500	655.700	1.255.200
2016	597.000	656.800	1.253.800
2017	594.600	643.300	1.237.900
2018	596.000	641.000	1.237.000
2019	598.400	643.400	1.241.800
2020	586.800	636.700	1.223.500

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No cuarto trimestre de 2020 deixaron de incorporarse ao mercado laboral 11 600 mulleres en relación co mesmo trimestre do ano anterior, fronte a 6700 homes que non entraron no mercado laboral. O descenso da poboación activa feminina non se reflectiu no incremento da poboación parada, como viña sendo habitual, o que se explica polo abandono do mercado laboral, que pode producirse por distintas variables; entre elas, destaca a volta aos coidados no fogar e as dificultades de conciliación durante o confinamento. Ponse de manifesto que as mulleres continúan facéndose cargo dos coidados.

Deseguido analizamos a evolución da poboación activa por sexos, co indicador da taxa de actividade (cociente entre a poboación activa e a poboación en idade legal de traballar).

Ademais, as diferenzas entre a poboación feminina total e as mulleres que conforman a poboación activa definen un desequilibrio moi negativo para elas no mercado laboral.

Táboa 2. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXOS

IV TRIMESTRE	MULLERES	HOMES	TOTAL
2016	48,7%	58,4%	53,4%
2017	48,8%	57,6%	53,0%
2018	48,9%	57,4%	53,0%
2019	49,1%	57,6%	53,1%
2020	48,0%	56,9%	52,2%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A táboa 2 facilita a comprensión da situación de discriminación que afecta ás mulleres no noso mercado laboral, pois as diferenzas entre as taxas trimestrais masculinas e femininas xa non se miden en décimas senón en puntos porcentuais enteiros (8,9 no último trimestre de 2020).

Táboa 3. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXOS E GRUPOS DE IDADE


GRUPOS DE IDADE	MULLERES	HOMES	TOTAL
De 16 a 24 anos	1,6%	2,15%	3,77%
De 24 a 54 anos	36,38%	39,13%	75,52%
De 55 e máis anos	9,96%	10,75%	20,71%
Total	47,96%	52,03%	100%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2020

O feito de que en Galicia haxa máis poboación feminina ca masculina en case todos os tramos de idade choca coas taxas de actividade recollidas na táboa 3, onde se aprecian as diferenzas entre mulleres e homes, sobre todo nos tramos de 16 a 24 anos e a partir dos 55 anos.

As mulleres menores de 25 anos teñen unha taxa de actividade baixa (no cuarto trimestre de 2020, o 1,6% fronte ao 2,15% dos homes); nisto inflúe que moitas están estudando e aínda non se incorporaron ao mercado laboral.

Gráfico 1. TAXA DE ACTIVIDADE GALEGA



FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No gráfico 1 (que ilustra os datos recollidos na táboa 3), observamos que en todos os tramos de idade analizados as mulleres están subrepresentadas con respecto aos homes.

Á marxe do mercado laboral atopamos moitísimas mulleres que nin teñen nin buscan un emprego remunerado, pois as súas circunstancias persoais non llelo permiten (estudos, xubilación ou, na maioría dos casos, responsabilidades familiares).

Así, durante o último trimestre do 2020, case un 73 % da poboación inactiva galega que non contaba atopar traballo era feminina.

POBOACIÓN OCUPADA

A comparación dos datos de poboación activa e poboación ocupada corrobora o que vimos expoñendo: a desigualdade que sofren en Galicia as mulleres no mundo laboral está aínda moi lonxe de superarse.

Segundo os datos da EPA, a poboación ocupada en Galicia era de 1 080 900 persoas no último trimestre de 2020; a perda desde o último trimestre do 2019 é considerable, concretamente 15 100 persoas menos.

Táboa 4. TAXA DE OCUPACIÓN POR SEXOS

IV TRIMESTRE	MULLERES	HOMES	TOTAL
2016	40,5%	49,3%	44,7%
2017	41,4%	49,4%	45,2%
2018	42,7%	50,9%	46,6%
2019	42,5%	51,6%	46,9%
2020	47,1%	52,9%	46,2%


FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Nas taxas de ocupación por sexos, a diferenza é de case 6 puntos porcentuais a favor da masculina no último trimestre de 2020. De novo as cifras evidencian a desigualdade nun mercado laboral onde a poboación feminina de Galicia non se corresponde coa súa menor participación na ocupación.

Por idades

No último trimestre do ano 2020, o 52,86 % da poboación ocupada en Galicia eran homes.

Gráfico 2. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXOS E GRUPOS DE IDADE



FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA (IV trimestre de 2020)

Tanto mulleres coma homes concentran a maior ocupación entre os 35 e os 59 anos, pero sempre con cifras máis baixas para as mulleres (ver gráfico 3).

O pico máis elevado do total da poboación ocupada por sexos sitúase no tramo de 40 a 44 anos: son 167 100 homes ocupados fronte a 148 200 mulleres, é dicir, a diferenza é de 18 900 mulleres menos ca homes neste tramo de idade.

A fenda máis evidente entre mulleres e homes dáse nas cifras de ocupación no tramo de 25 a 34 anos e no de maiores de 65 anos. Neste último diminúen as femininas de maneira espectacular en comparación coas masculinas e, aínda que este tramo non concentra un número absoluto forte da poboación ocupada, é precisamente nesas idades cando resulta máis complicado manter o traballo ou atopar un se o perdemos, por iso é máis flagrante para a fenda de xénero o feito de que elas contabilicen as cifras máis baixas (0,58% sobre o total da ocupación do trimestre, fronte ao 0,89% deles).

Por sectores

As cifras de poboación ocupada por rama de actividade, que non mudan moito na comparativa interanual, tamén ilustran as desigualdades a que se enfrontan as mulleres en Galicia dentro dun mercado laboral minguado polas circunstancias.

Táboa 5. TAXA DE OCUPACIÓN POR SEXOS

RAMA	MULLERES	HOMES	TOTAL
Agricultura e pesca	23.400	45.700	33,8%
Industria	51.200	131.100	28,08%
Construción	6.400	68.600	8,5%
Servizos	424.200	323.500	56,7%
Total	505.300	569.000	47%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2020

Segundo os datos do último trimestre de 2020, a poboación galega ocupada na rama industrial segue sendo masculina en máis do 72%, fronte a un escaso 28% de mulleres. En cambio, na rama dos servizos elas supoñen máis do 56,7% do total. É evidente que a maior diferenza mantense no sector da construción, no que as mulleres non chegan ao 9% da ocupación, fronte a máis do 91% de homes.

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE 2009), o número de persoas ocupadas nese trimestre diminúe en todos os sectores. Na industria, a ocupación baixa en 6 400 persoas no cuarto trimestre do ano respecto ao anterior; a construción rexistra un descenso de 1 000 traballadores e traballadoras; no sector primario a redución cífrase en 500 persoas. O sector dos servizos é o máis golpeado pola crise e son as mulleres as máis prexudicadas xa que se rexistra unha forte caída do emprego na hostalaría, sector fortemente feminizado.

Con respecto ao mesmo trimestre de 2019, a ocupación diminúe na industria e no sector dos servizos (un -5,0% no primeiro caso e un -1,4% no segundo), mentres que aumenta un 6,0% no sector primario e un 1,3% na construción.

Por ocupacións

Na táboa 6 recóllense as cifras absolutas de poboación galega ocupada segundo a ocupación durante o último trimestre de 2020. Aquí apréciase claramente o nesgo por sexos á hora de traballar por conta allea, pois ao descender ás ocupacións descubrimos que seguen asentando nos roles tradicionais de xénero. A única excepción dáse na categoría de ocupacións técnicas, científicas e profesionais, na que as mulleres se fan notar grazas, entre outras cousas, a que cursan máis estudos e durante máis tempo que os homes. Así, elas ocupan o 54,8% de postos nesa categoría fronte ao 45% dos homes.

Táboa 6. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E OCUPACIÓNS

OCUPACIÓNS	MULLERES	HOMES	TOTAL
Ocupacións militares	900	5.100	6.000
Direccións e xerencias	11.000	22.100	33.100
Postos técnicos e profesionais científicos e intelectuais	125.900	103.500	229.400
Postos técnicos; profesionais de apoio	31.400	50.200	81.600
Empregos contables, administrativos e outros empregos de oficina	64.300	31.900	96.200
Traballo dos servizos de restauración, persoais, protección e vendas	162.000	75.300	237.100
Traballos cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	21.700	35.800	57.400
Artesáns e traballos cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo operadores/as de instalacións e maquinaria)	17.400	129.800	147.200
Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as	13.400	76.900	90.300
Ocupacións elementais	60.100	38.300	98.300
Total	508.100	568.900	1.076.600

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2020

Os postos de traballo en servizos de restauración, persoais, de protección e vendas teñen as cifras máis elevadas durante o último trimestre de 2020 en Galicia (ocupan a 237 100 persoas). As mulleres rexistran a ocupación máis elevada aí, seguidas polas 125 900 ocupadas en postos de técnicas, profesionais científicas e intelectuais.

Das dez ocupacións analizadas para o último trimestre do 2020 na EPA, xa falamos das dúas principais en cifras totais, pero é significativa a terceira: «artesanía e traballos cualificados das industrias manufactureiras e construción (salvo operadores/as de instalacións e maquinaria)», que acumula o 13,76% do total, pero na que

os homes supoñen máis do 87%. O mesmo ocorre nas ocupacións militares, nas que eles suman máis do 85% (pero esta ocupación apenas supón un 0,55% sobre o total de ocupacións).

As mulleres son clara maioría nas ocupacións denominadas «empregos contables, administrativos e outros empregos de oficina»; representan o 66,83% do total, aínda que o seu peso sobre o total galego da ocupación apenas alcanza o 9%.

Todos estes datos corroboran a fotografía dun mercado laboral galego evidentemente nesgado por xénero, no que as ocupacións masculinizadas (empregos a tempo completo e mellores salarios, así como menor temporalidade) continúan maioritariamente reservadas aos homes, ao tempo que o espazo reservado para as mulleres segue a ser o específico dos coidados e as súas variantes (sanidade, servizos sociais, administración e educación).

Afiliacións nos servizos e coidados

O primeiro obstáculo que atopamos á hora de intentar unha achega á situación das mulleres na afiliación á seguridade social nas ramas de actividade dos servizos e os coidados da CNAE-2009 é que non existe unha recollida de datos exhaustiva por sexos, así que só podemos facer estimacións baseadas noutras cifras e mais na evolución do mercado laboral na sociedade galega.

Sempre, polo tanto, desde un punto de vista especulativo, podemos afirmar que nas ramas de actividade dedicadas aos coidados e a limpeza dos fogares, a maioría das persoas traballando ou afiliadas son mulleres. Tamén é evidente que nas actividades de xardinería, dentro da rama de servizos a edificios, haberá unha maioría notable de homes, ou que nas actividades administrativas e de oficina adoitan ser máis as mulleres afiliadas ca os homes (como xa puidemos ver nas ocupacións por sexos).

Na táboa 7 acumulamos os datos dos últimos catro anos, pero da afiliación total. Facendo unha comparativa, observamos que entre 2019 e 2020 todas as ramas de afiliación nos servizos e coidados experimentaron unha medra en termos absolutos, agás nas «actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico»; aquí, a cifra descendeu. É significativo porque sabemos que se trata dunha das ramas máis feminizadas (ademais da precarización que sofre) no mercado laboral galego.

Táboa 7. POBOACIÓN AFILIADA NAS RAMAS DA CNAE-2009 DE SERVIZOS E COIDADOS

AFILIACIÓN POR RAMAS DA CNAE-2009	2017	2018	2019	2020
Servizos a edificios e actividades de xardinería	26.227	26.851	27.506	28.985
Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares de empresas	12.460	12.845	13.498	14.623
Asistencia en establecementos residenciais	11.020	11.662	12.300	12.923
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	12.712	13.600	14.677	15.478
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	27.924	27.587	26.695	25.657
Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	0	0	0	0
Total	90.343	92.545	94.676	97.666

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

Segundo a xornada


En Galicia, máis do 87% da poboación ocupada traballa en xornadas completas. Con todo, tamén este dato amosa a precariedade laboral das mulleres, pois a diferenza entre a xornada completa masculina e a feminina é moi grande.

Táboa 8. POBOACIÓN OCUPADA POR TIPO DE XORNADA

XORNADA	MULLERES	HOMES	TOTAL
Parcial	109.900	30.600	140.500
Completa	399.600	540.800	940.400
Total	509.500	571.400	1.080.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA (IV trimestre de 2020)

Ademais, a desagregación destas cifras por sexos amósanos que son mormente as mulleres galegas as que se ocupan en xornadas parciais (acumulan máis do 77% deste tipo de xornada, mentres que os homes apenas chegan ao 23%).

Gráfico 3. XORNADA PARCIAL POR SEXOS

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA (IV trimestre de 2020)

Desde a perspectiva de xénero, de novo topamos coa fenda salarial: os traballos que ocupan as mulleres están peor remunerados e suman menos horas. Se arredor do 13% dos contratos son parciais e os asinan máis mulleres ca homes, a fenda nunca deixa de medrar, pois na xornada completa os homes superan as mulleres en máis de 141 200 en cifras absolutas.

Táboa 9. POBOACIÓN FEMININA OCUPADA POR TIPO DE XORNADA

IV TRIMESTRE	PARCIAL	COMPLETA	TOTAL
2016	111.900	383.600	495.500
2017	110.200	394.000	504.200
2018	116.500	403.300	519.800
2019	114.300	404.600	518.900
2020	109.900	399.600	509.500

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Na táboa 9 ofrécese a comparación interanual desde o último trimestre do ano 2016 ata o último do 2020. Baixa a contratación feminina a xornada completa, o que talvez sexa un efecto inmediato derivado da actual crise. A ocupación a xornada parcial tamén mingou considerablemente este ano. Isto é, peor xornada e ademais con peores expectativas cando se trata das mulleres.

Non podemos máis ca salientar que a xornada a tempo parcial aumenta decontino e, ademais, non deixa de estar feminizada en ningún momento. Este feito, ligado a que a xornada parcial non adoita ser unha elección da persoa traballadora, tradúcese nunha situación de precariedade laboral que lastra o salario, empobrece as familias e reduce a produtividade, desaproveitando o potencial traballador da persoa contratada desta forma.

Segundo o tipo de contrato

A poboación de mulleres con contrato indefinido no último trimestre de 2020 en Galicia ascendía a 315 300.

Na táboa 10 recóllese a taxa de temporalidade das mulleres galegas desde o 2015 ata hoxe.

Táboa 10. POBOACIÓN ASALARIADA FEMININA POR TIPO DE CONTRATO

IV TRIMESTRE	CONTRATO INDEFINIDO	CONTRATO TEMPORAL	TOTAL	TAXA TEMPORALIDADE
2015	290.400	109.900	400.300	27,5%
2016	288.800	114.500	403.300	28,4%
2017	293.900	121.200	415.000	29,2%
2018	314.800	118.500	433.300	27,3%
2019	312.700	121.600	434.300	28,0%
2020	315.300	109.400	424.700	26,0%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A finais do 2020, as traballadoras temporais por conta allea alcanzaban o 26% do total de asalariadas. Esta baixada talvez se deba ao abandono do mercado laboral das mulleres por tres circunstancias: a necesidade de conciliar e dedicarse aos coí-dados, a situación de ERTE en que se atopan e as traballadoras en actividades para-lizadas pola crise sanitaria e que non se retomaron.

A taxa de temporalidade vai asociada á precariedade laboral, e que durante todos estes anos supere o limiar do 25% é inaceptable. Ademais, observando as súas flutuacións, podemos prognosticar que non se prevé unha mellora estrutural da situación no horizonte, pois a tendencia continúa sendo errática pero sobre todo á alza.

A taxa de temporalidade das mulleres asalariadas en Galicia mide a proporción de emprego asalariado temporal sobre o total de asalariadas no trimestre. Que as mu-lleres galegas sufran unha elevada taxa de temporalidade sustenta a afirmación da súa peor posición no mercado laboral. De feito, como se observa na táboa 11, no sector privado galego, as mulleres rexistraron nos últimos cinco anos unha taxa de temporalidade de arredor do 28%. No 2020, esta taxa reduciuse como consecuen-cia de que tamén baixou a contratación indefinida por mor da rescisión de contra-tos como efecto da pandemia.

Táboa 11. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PRIVADO

IV TRIMESTRE	CONTRATO INDEFINIDO	CONTRATO TEMPORAL	TOTAL	TAXA TEMPORALIDADE
2015	212.400	84.400	296.800	28,44%
2016	215.300	86.800	302.100	28,73%
2017	216.500	88.600	305.100	29,04%
2018	235.500	86.300	321.800	26,82%
2019	233.900	87.800	312.700	27,29%
2020	229.300	71.200	300.500	23,69%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Desagregado por sexos, o emprego asalariado no sector público lévanos á mesma conclusión, incluso algo máis pesimista. Na táboa 12 observamos que, malia que este sector presenta adoito cifras máis elevadas de estabilidade, iso non afasta as súas asalariadas das elevadas taxas de temporalidade e a tendencia nos últimos cinco anos empeora: a temporalidade na contratación feminina no sector público superar en case 3 puntos porcentuais a do sector privado.

Táboa 12. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PÚBLICO

IV TRIMESTRE	CONTRATO INDEFINIDO	CONTRATO TEMPORAL	TOTAL	TAXA TEMPORALIDADE
2015	78.000	25.600	103.600	24,7%
2016	73.500	27.700	101.200	27,4%
2017	77.400	32.400	109.800	29,5%
2018	79.300	32.300	111.600	28,9%
2019	78.800	33.700	112.500	29,96%
2020	79.300	38.300	117.600	32,56%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Segundo o tipo de contrato e a xornada

A finais do 2020 había en Galicia un total de 424 700 mulleres asalariadas, das cales 109 400 tiñan un contrato temporal e, desas, 42 600 traballaban a xornada parcial.

Con respecto ao ano anterior, a porcentaxe de mulleres asalariadas a xornada parcial e con contrato temporal subiu case 1 punto porcentual (o 2019 pechábase co 9,81%)

Táboa 13. POBOACIÓN ASALARIADA FEMININA POR CONTRATO E TIPO DE XORNADA

XORNADA/CONTRATO	INDEFINIDAS	TEMPORAIS	ASALARIADAS
Parcial	64.100	34.400	98.500
Completa	251.200	75.000	326.200
Total	315.300	109.400	424.700

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA (IV trimestre de 2020)

FENDA SALARIAL

Segundo datos recollidos na Enquisa anual de estrutura salarial (EES) —que chegan ata o 2019—, o salario medio das mulleres ese ano andaba arredor dos 17 511 € e o dos homes, 22 038 €. Isto supón unha diferenza bruta a favor do salario masculino de 4 527 €.

O feito de que en Galicia os salarios dos homes se sitúen anualmente moi por riba dos das mulleres é resultado de todas as circunstancias que vimos detallando desde a introdución deste informe: maior temporalidade, maior parcialidade e menor tempo da contratación indefinida das mulleres con respecto aos homes, todo isto alimentado polos tradicionais roles de xénero que se lle adxudican aos homes e ás mulleres.

Táboa 14. SALARIO MEDIO ANUAL POR SEXO E GRUPOS DE IDADE

RANGO DE IDADES	MULLERES	HOMES	DIFERENZA H/M
Menor de 18 anos	1.508 €	2.368 €	36,3%
De 18 a 25 anos	6.268 €	8.220 €	23,7%
De 26 a 35 anos	14.482 €	16.827 €	13,9%
De 36 a 45 anos	18.320 €	22.975 €	20,3%
De 46 a 55 anos	20.289 €	26.191 €	22,5%
De 56 a 65 anos	21.930 €	27.253 €	19,5%
Maior de 65 anos	14.436 €	23.822 €	39,4%
Total	17.511 €	22.038 €	20,5%

FONTE: elaboración propia sobre datos do AEAT¹ (2019)

Tamén os salarios medios por tramos de idade e sexos amosan o desequilibrio a favor dos homes. Son menores para as mulleres en todos os tramos de idade, pero tamén se aprecia que as maiores diferenzas se atopan nos tramos máis baixos e máis altos; e amosa a notable inxustiza que sofren as mulleres galegas nos momentos máis vulnerables dos seus ciclos vitais (sabemos que as pensións de moitas non chegan ás mínimas por mor do período de inactividade que pasaron dedicadas aos cuidados da familia e o fogar, entre outras causas).

POBOACIÓN PARADA

As mulleres tamén sofren cifras máis elevadas de paro ca os homes, como se reflicte nos datos dos últimos cinco anos.

No derradeiro trimestre de 2019 había en Galicia 79 500 mulleres paradas, un 4,33% máis ca no mesmo trimestre de 2018, pero un 12,5% menos que hai dous anos. De feito, a tendencia vén sendo á baixa desde 2015, pero ao remate do 2019 rebrotou o paro feminino.

Na comparativa interanual, no 2019 saíron das listaxes do paro 31 900 mulleres con respecto ao 2015.

Táboa 15. POBOACIÓN PARADA FEMININA

IV TRIMESTRE	PARADAS	TAXA DE PARO
2015	111.400	18,60%
2016	101.500	17,00%
2017	90.500	15,20%
2018	76.200	12,80%
2019	79.500	13,30%
2020	77.200	13,40%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

¹ Axencia Estatal da Administración Tributaria, Mercado de Traballo e Pensións nas fontes tributarias.

A taxa de paro feminina situábase en máis do 13,30 % no último trimestre de 2019, mentres que a masculina supoñía o 10,3%. No ano 2020 non houbo unha variación moi significativa por mor dos ERTE, xa que non se contabilizan como poboación desempregada, e a poboación parada feminina é dun 13,40%. Haberá que agardar a ver como flutúa o emprego e a recuperación do mercado laboral para cando rematen os ERTE; do que non cabe dúbida é de que traerá consecuencias futuras canto ao acceso ás pensións desas mulleres.

O 57% do paro galego no último trimestre do 2020 soportárono as mulleres. En cifras absolutas, son 105 305 desempregadas en xaneiro do 2021.

Táboa 16. POBOACIÓN PARADA POR GRUPOS DE IDADE E SEXOS

	MULLERES	HOMES	TOTAL
de 16 a 19 anos	1.400	1.200	2.700
de 20 a 24 anos	6.500	6.400	12.900
de 25 a 29 anos	10.500	10.800	21.400
de 30 a 34 anos	9.900	5.700	15.500
de 35 a 39 anos	10.500	8.000	18.400
de 40 a 44 anos	9.800	7.800	17.600
de 45 a 49 anos	10.700	6.500	17.200
de 50 a 54 anos	8.100	5.700	14.800
de 55 a 59 anos	6.100	8.200	14.300
de 60 a 64 anos	3.200	4.000	7.300
de 65 e máis anos	400	100	500
Total	77.200	69.500	146.700

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA (IV trimestre de 2020)

A táboa 16 é significativa, pois reflicte que o paro feminino é moito máis elevado ca o masculino no último trimestre do 2020 nos tramos de idade onde se rexistra a maior contratación (entre os 25 e os 59 anos). Porén, tanto nos tramos da mocidade como nos da vellez, a diferenza entre sexos é moito máis pequena.

ERTE

As mulleres víronse máis afectadas pola prolongación dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) durante este último ano. As incorporacións aos postos de traballo realizáronse de xeito parcial, non se recuperaron todos os empregos.

Desde a perspectiva de xénero, os ERTE repercutiron en maior medida nas mulleres, tanto en número como en duración, dado que algúns sectores con maior presenza feminina, como a hostalaría ou o comercio, foron dos máis golpeados pola crise. Outras actividades prexudicadas foron as administrativas e de servizos, educación, industria manufactureira, sanidade e servizos sociais.

En contrapartida, os ERTE tamén facilitaron que moitas mulleres puidesen conciliar nos fogares, tanto co coidado de menores como de persoas dependentes, e freouse

así a posibilidade de acollerse a outros tipos de permisos como reducións ou excepciones, que suporían unha perda de ingresos. Nesta parcela, o confinamento perpetuou o rol de xénero da muller como principal coidadora no ámbito familiar.

Táboa 17. ERTE ANTERIORES RDL 30/2020

	FM			ETOP		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	1.376	2.048	3.424	677	632	1.309
Lugo	326	523	849	99	119	218
Ourense	349	533	882	168	272	440
Pontevedra	949	1.374	2.323	504	481	985
Galicia	3.000	4.487	7.478	1.448	4.504	2.952

FONTE: ERTE. Elaboración propia sobre datos da EPA

Táboa 18. ERTE RDL 30/2020 E POSTERIORES

	FM			ETOP		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	6.097	14.396	21	49	70	
Lugo	1.292	2.331	3.623	-	5	5
Ourense	1.233	1.764	2.997	2	3	5
Pontevedra	4.449	6.821	11.270	10	16	26
Galicia	13.071	19.215	32.286	33	73	106

FONTE: ERTE. Elaboración propia sobre datos da EPA

CONCLUSIÓNS

— En Galicia hai máis mulleres ca homes en idade legal de traballar, pero menos participando no mercado laboral.

— No cuarto trimestre de 2020 deixaron de incorporarse ao mercado laboral 11 600 mulleres en relación co mesmo trimestre do ano anterior, fronte aos 6700 homes que deixaron de incorporarse ao mercado laboral.

— As mulleres que non teñen nin buscan emprego están nesa situación por diversas razóns, pero a fenda de xénero é máis palpable entre as persoas que non o fan por responsabilidades familiares; neste grupo, as mulleres representaban o 87,9%.

— A inactividade da poboación activa feminina non tivo un reflexo no incremento da poboación parada, o que se traduce nun abandono do mercado laboral; isto pode producirse por distintas variables, pero destaca a volta aos coidados no fogar e as dificultades de conciliación durante o confinamento, o que pon de manifesto que as mulleres continúan facéndose cargo dos coidados.

— Canto ao impacto dos ERTE desde a perspectiva de xénero, as mulleres víronse máis afectadas tanto en número como en duración, dado que algúns sectores nos que hai unha maior presenza feminina, como a hostalaría ou o comercio, foron dos máis golpeados pola crise. Outros sectores prexudicados foron as actividades administrativas e servizos, educación, industria manufactureira, sanidade, servizos sociais.

— A taxa de ocupación das mulleres foi do 47,13% no cuarto trimestre de 2020 fronte ao 52,86% dos homes. Na taxa de ocupación por sexos, observamos que a diferenza é de case 6 puntos porcentuais a favor da masculina no último trimestre de 2020. Polo tanto, de novo estas cifras representan a desigualdade patente nun mercado laboral galego onde a poboación feminina non se corresponde coa súa menor participación na ocupación.

— Persiste a segregación horizontal no mercado laboral. As mulleres traballan mormente nos servizos e teñen máis presenza ca os homes en actividades como as sanitarias e de servizos sociais, educación ou hostalaría. En cambio, hai outras ramas en que a muller ten escasa presenza como é o caso da construción ou a industria extractiva.

— Tamén persiste a segregación vertical. As mulleres son maioría na categoría «ocupacións elementais»; as ocupacións seguen asentando nos roles tradicionais de xénero.

Entre os avances, hai que destacar que as mulleres ocupan postos de traballo que requiren unha alta cualificación, é dicir, os técnicos e profesionais científicos e in-

telectuais. Representan o 54,8% da poboación ocupada nesa categoría fronte ao 45% dos homes; aínda así, en comparación cos outros anos, descendeu case 4 puntos a ocupación feminina nesa categoría.

— A xornada parcial ten unha clara marca de xénero: o 77% das persoas que traballan a xornada parcial son mulleres. A xornada parcial non é voluntaria na maioría dos casos; de feito, a razón predominante para elixila é non atopar un traballo de xornada completa, como manifestaron o 57% das ocupadas que se acolleron a esa xornada.

O seguinte motivo máis manifestado polas mulleres é o coidado de menores ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores: o 98% das persoas que traballan a xornada parcial por esa causa son mulleres.

No último ano, en proporción, aumentou máis a poboación ocupada feminina a xornada parcial que a de xornada completa. En consecuencia, a representación da xornada parcial na ocupación feminina incrementouse en dous puntos en valor absoluto no cuarto trimestre de 2020 respecto do ano anterior.

— A taxa de temporalidade é máis alta nas mulleres ca nos homes tanto no sector privado coma no público.

— As mulleres son maioría no paro (o 57%).

— A fenda salarial é o resultado máis visible da desigualdade e da discriminación que sofren as mulleres no mercado laboral; afecta a todos os tramos de idade, sexa cal for o nivel formativo ou a rama de actividade, así como ás contías das prestacións e pensións no futuro. Segundo a enquisa anual de estrutura salarial, no 2017, o salario medio anual das mulleres foi inferior ao dos homes en 4527 euros brutos; tería que incrementarse un 23% para equiparse ao dos homes.


— O feito de que en Galicia os salarios dos homes superen os das mulleres de maneira tan manifesta é resultado da maior temporalidade e parcialidade na contratación feminina.

En definitiva, o mercado laboral galego aínda é discriminatorio coas mulleres. Cómpre vixiar a aplicación da normativa que pretende reducir esas discriminacións e darlle un pulo á práctica real da corresponsabilidade, facendo fincapé na erradicación das diferenzas que levan á dobre xornada das traballadoras e á fenda salarial.

A COVID-19 non é só unha crise sanitaria, ten tamén repercusións económicas e sociais que requiren unha actuación específica para responder a cada necesidade, e para iso é imprescindible incorporar a perspectiva de xénero. Esta tripla dimensión de crise sanitaria, económica e social está a ter un impacto diferente nas mulleres e nos homes, que se prolongará no futuro.

Favorecer o potencial das mulleres de maneira plena e igualitaria cos homes promove o crecemento sustentable, equilibrado e inclusivo; mellora a representación das mulleres nas institucións e os resultados de desenvolvemento; e, en consecuencia, amortece os efectos da crise. Isto asegurará unha reconstrución mellor despois da COVID-19. Por tanto, sería imprescindible centrarnos en tres obxectivos: aumentar o número de mulleres no traballo formal, redistribuír as tarefas de coidado non remunerado e fomentar a participación de mulleres na toma de decisións.

O emprego e as condicións de vida das mulleres estanse deteriorando por mor da pandemia, pero tamén polas desigualdades anteriores a esta situación. Debemos ter claro que o fracaso das mulleres é o fracaso dunha sociedade. Unha política integral de coidados debe incluír a provisión de infraestrutura, o recoñecemento, redución e redistribución dos labores dos coidados dentro do fogar, así como campañas para a transformación cultural que promovan a redefinición dos roles e melloren a participación das mulleres no mercado laboral.



comisiones obreiras